

## ECONOMÍA DA EMPRESA

Instrucións: O alumno debe elixir UNHA das dúas opcións e responder todas as preguntas da opción escollida

### OPCIÓN A

#### 1. Responda brevemente as seguintes catro preguntas (0,75 puntos cada pregunta)

- 1.1. - Describe brevemente en que consiste o financiamento a través do *factoring*.
- 1.2. - Diferenza entre custos fixos e variables. Pon un exemplo.
- 1.3.- ¿Que é un oligopolio? Pon un exemplo de mercado oligopolista.
- 1.4.- Menciona tres principios básicos de organización empresarial relacionados co desenvolvemento horizontal.

#### 2. Desenvolva a seguinte cuestión (2 puntos)

- 2.1.- O empresario individual: concepto, características, vantaxes e inconvenientes e fiscalidade.

#### 3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

O balance dunha empresa hipotética referido ao último exercicio económico inclúe a seguinte información (valores expresados en euros):

Bancos c/c: 220.000, Efectos comerciais a pagar a curto prazo: 215.000, Inmovilizado material: 1.500.000, Provedores: 160.000, Clientes: 230.000, Débedas con entidades de crédito a longo prazo: 425.000, Acredores a curto prazo: 140.000, Reservas: 210.000, Existencias: 400.000.

Pídese:

- 3.1.- Agrupar o balance por masas patrimoniais e calcular o valor do capital social. (1 pto.)
- 3.2.- Calcular o valor do fondo de manobra e interpretar o resultado. (1 pto.)
- 3.3.- Calcular a ratio de garantía:  $[RG = \text{Activo} / (\text{Pasivo corrente} + \text{Pasivo non corrente})]$  e comentar o resultado. (0,5 pts.)

#### 4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

A unha empresa fórmulaselle a posibilidade de realizar un proxecto de investimento das seguintes características (valores en euros)

Desembolso inicial	Fluxos netos de caixa	
	Ano 1	Ano 2
840.000	400.000	492.600

- 4.1.- Calcular a Taxa Interna de Rendibilidade do proxecto. (1 pto.)
- 4.2.- Calcular o Valor Actual Neto da inversión para un tipo de desconto do 6%. (1 pto.)
- 4.3.- Comenta a viabilidade do proxecto baseándote nos resultados dos apartados anteriores. (0,5 pts.)

## ECONOMÍA DA EMPRESA

*Instrucións: O alumno debe elixir UNHA das dúas opcións e responder todas as preguntas da opción escollida*

### OPCIÓN B

#### **1. Responda brevemente as seguintes catro preguntas (0,75 puntos cada pregunta)**

- 1.1.- ¿Que é unha Sociedade Laboral?
- 1.2.- ¿Que tipos de contrato de traballo se poden distinguir segundo a duración da xornada laboral?
- 1.3.- Menciona as principais formas de adquisición da tecnoloxía dunha empresa.
- 1.4.- No marco dos principios básicos de organización da empresa, describe brevemente en que consiste a especialización. Pon un exemplo.

#### **2. Desenvolva a seguinte cuestión (2 puntos)**

- 2.1.- Fontes de financiamento alleo a curto prazo da empresa: concepto e tipos.

#### **3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)**

A principios de ano, as existencias iniciais dunha empresa que comercializa un único produto eran de 500 unidades, adquiridas a un prezo de 20 euros. O 5 de marzo compra 300 unidades a un prezo de 25 euros. O 6 de abril vende un lote de 200 unidades.

Con estes datos, pídese:

- 3.1.- Elaborar unha ficha de almacén utilizando o método do Prezo Medio Ponderado. (1 pto.)
- 3.2.- Valorar as existencias finais segundo o método FIFO. (1 pto.)
- 3.3.- Compara o valor das existencias finais en ambos os dous casos e comenta o resultado. (0,5 pto.)

#### **4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)**

A empresa BISCUIT S.A. que se dedica á elaboración de galletas, tiña no último ano un equipo de 80 traballadores. A produción do ano foi de 850.000 quilogramos de galletas e empregáronse 1920 horas por traballador. Durante o ano seguinte, a empresa reduciu o seu equipo nun 10%, a produción do ano foi de 910.000 quilogramos de galletas e o número de horas por traballador foi o mesmo que o ano anterior. Tendo en conta esta información, pídese:

- 4.1.- Calcular o valor da produtividade da man de obra da empresa en cada un dos dous anos. (1 pto.)
- 4.2.- Calcular a variación da produtividade entre eses dous anos. (1 pto.)
- 4.3.- Sinala unha posible explicación que podería xustificar a variación da produtividade calculada no apartado anterior. (0,5 pto.)

## ECONOMÍA DA EMPRESA

Instrucións: O alumno debe elixir UNHA das dúas opcións e responder todas as preguntas da opción elixida

### OPCIÓN A

#### 1. Responda brevemente as seguintes catro preguntas (0,75 puntos cada pregunta)

- 1.1.- Que é unha Sociedade Laboral?
- 1.2.- Que se entende por cota de mercado? Ilustra a resposta cun exemplo.
- 1.3.- Que se entende por financiamento interno ou autofinanciación da empresa?
- 1.4.- Menciona tres tipos de procedementos ou vías de resolución dun conflito xurdido entre empresarios e traballadores.

#### 2. Desenvolva a seguinte cuestión (2 puntos)

- 2.1.- O contorno xeral e o contorno específico da empresa: concepto e factores que delimitan cada un destes contornos.

#### 3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

A información patrimonial dunha empresa ao finalizar o exercicio é a seguinte (en euros):

Inmovilizado material: 98.000	Amortización acumulada do inmovilizado: 6.000
Resultado do exercicio: 25.000	Provedores: 23.000
Caixa: 1.000	Efectos comerciais a cobrar: 4.000
Existencias: 5.000	Reservas: 9.000.
Débedas a longo prazo: 25.000	Cientes: 5.000

Pídese:

- 3.1.- Elaborar o balance de situación desta empresa agrupando as contas en masas patrimoniais e calcular a cifra de capital. (1 pto.)
- 3.2.- Calcular o Fondo de Manobra e interpretar o resultado. (1 pto.)
- 3.3.- Calcular a ratio de autonomía financeira [ $R = \text{recursos propios} / (\text{Pasivo corrente} + \text{pasivo non corrente})$ ] (0, 5 ptos.)

#### 4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Unha empresa que se dedica á fabricación de televisores de plasma presenta os seguintes datos de produción e custos:

Producción total (unidades)	0	100	200	300	400	500
Custo total (en miles de euros)	120	210	250	280	360	480

Pídese:

- 4.1.- Calcular os custos fixos e os custos variables para os diferentes niveis de produción. (1 pto.)
- 4.2.- Calcular os custos fixos medios, os custos variables medios e os custos totais medios para cada nivel de produción e representalos graficamente. (1 pto.)
- 4.3.- Comentar brevemente os resultados obtidos nos apartados anteriores. (0,5 ptos.)

## ECONOMÍA DA EMPRESA

*Instrucións: O alumno debe elixir UNHA das dúas opcións e responder todas as preguntas da opción elixida*

### OPCIÓN B

#### **1. Responda brevemente as seguintes catro preguntas (0,75 puntos cada pregunta)**

- 1.1.- Que significa que o empresario individual ten responsabilidade ilimitada?
- 1.2.- Menciona dous tipos de sistemas de produción segundo o destino do produto. Pon un exemplo de cada un eles.
- 1.3.- Define o concepto de amortización dun ben. Ilustra a túa resposta cun exemplo.
- 1.4.- Explica brevemente a que se refire a teoría da xerarquía das necesidades de Maslow .

#### **2. Desenvolva a seguinte cuestión (2 puntos)**

- 2.1.- Identifica os distintos tipos de mercados que se poden definir en función do número de oferentes e demandantes e explica as principais características de cada un deles.

#### **3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)**

A empresa CARSA, dedicada á fabricación de automóbiles, ten que tomar a decisión de fabricar ela mesma os volantes para os coches ou comprarllos a unha empresa auxiliar (a empresa auxiliar véndelle cada volante a un prezo de 400 euros). Se CARSA decide fabricar ela mesma os volantes, incorre nuns custos fixos de 30.000 euros ao ano e cada volante que fabrique terá un custo variable medio de 150 euros. Pídese:

- 3.1.- Que decisión debe tomar se a súa produción é de 145 coches ao ano? Razona a resposta. (1 pto).
- 3.2.- Baseándote nunha representación gráfica explica a partir de que nivel de produción á empresa lle resulta preferible fabricar os seus propios volantes. (1 pto.)
- 3.3.- Se a empresa auxiliar baixa o prezo dos volantes a 300 euros a unidade, Como afectaría este cambio á decisión de comprar ou fabricar os volantes? (0,5 ptos.)

#### **4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)**

Unha determinada empresa ten que decidir sobre a oportunidade de levar a cabo un proxecto de investimento que supón realizar un desembolso inicial de 8 millóns de euros. O proxecto ten unha duración estimada de dous anos e a empresa estima que o devandito proxecto lle proporcionará uns fluxos netos de caixa de 4 millóns o primeiro ano e de 5 millóns o segundo ano. Pídese:

- 4.1.- Calcular a Taxa Interna de Rendibilidade (TIR) do proxecto. (1 pto.)
- 4.2.- Calcular o Valor Actual Neto (VAN) do proxecto se o custo do diñeiro é do 12 %. (1 pto.)
- 4.3.- Tomando como referencia os resultados dos apartados anteriores, valorar a conveniencia ou non de levar a cabo o devandito proxecto. (0,5 ptos.)

# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIA DE XUÑO

Reunida a comisión de avaliación da materia Economía da Empresa o día 13 de xuño de 2015 ás 12:00 horas acordou aplicar, ademais dos criterios xerais de avaliación publicados polo grupo de traballo da materia e que aparecen recollidos na correspondente páxina web, os seguintes criterios de corrección específicos:

Nas preguntas curtas (cunha puntuación máxima de 0,75 pts.), nos casos nos que non se ofrezan definicións exactas e precisas dos conceptos, valoraranse positivamente os exemplos, aclaracións ou explicacións relativas a aqueles.

Nas pregunta que hai que desenvolver (cunha puntuación máxima de 2 puntos), ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva, á utilización axeitada dos conceptos fundamentais e á presentación dun esquema resume da resposta. En todo caso, na valoración da resposta a esta pregunta teranse en conta ás seguintes consideracións: (i) Pódese acadar a máxima cualificación aínda que non se elabore un esquema orientativo, (ii) O desglose das puntuacións parciais terase en conta fundamentalmente para outorgar cualificacións intermedias cando a resposta sexa incompleta, (iii) Unicamente se outorgará a máxima cualificación se a resposta é completa en todos aqueles aspectos que se mencionan non enunciado.

No relativo aos casos prácticos, na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico concreto, senón tamén a corrección (coherencia) na formulación. Ademais, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que, se está ben plantexado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos incorrectos que se arrastren de apartados anteriores.

No desglose da puntuación máxima que se pode acadar en cada unha das preguntas teranse en conta as consideracións e aplicaranse os criterios específicos que se resumen a continuación:

### OPCIÓN A

1.1.- Se a resposta é aproximada pero incompleta ou imprecisa: 0,5 pts.

1.2.- Pola correcta caracterización de cada tipo de custos: 0,25 pts. Exemplo: 0,25 pts.

1.3.- Pola correcta caracterización dun mercado oligopolista: 0,5 pts. Exemplo: 0,25 pts.

1.4.- Pola mención de cada principio: 0,25 pts.

2.1.- Concepto de empresario individual: 0,25 pts. Por cada característica: 0,25 pts. (máximo 0,5 pts.)  
Por cada ventaxa: 0,25 pts (máximo 0,5 pts.) . Por cada inconveniente: 0,25 pts (máximo 0,5 pts.).  
Fiscalidade: 0,25 pts.

3.1. Elaboración e clasificación do balance distinguindo Activo Non corrente, Activo Corrente, Pasivo corrente, Pasivo non corrente e Fondos Propios: 0,75 pts. *Cada un dos elementos que se sitúe incorrectamente no activo ou no pasivo penalízase con -0,5 pts. Se se ubica erroneamente no activo (pasivo) corrente ou pasivo (activo) non corrente penalízase con -0,25 pts.* Cálculo do valor do capital social: 0,25 pts.

3.2. Cálculo correcto do fondo de manobra por unha vía: 0,5 pts. Comentario sobre o fondo de manobra: 0,5 pts.

3.3. Cálculo correcto do valor da ratio: 0,25 pts. Comentario razonado: 0,25 pts

# Criterios de Avaliación / Corrección

4

4.1. Formulación da expresión que permite calcular a TIR cos datos do exercicio: 0,5 ptos. cálculo correcto do valor da TIR: 0,5 ptos.

4.2.- Formulación correcta da expresión que permite calcular o VAN tendo en conta os datos do exercicio: 0,75 ptos. Cálculo correcto do valor concreto do VAN: 0,25 ptos.

4.3. Razonamento correcto ou coherente cos resultados obtidos: 0,5 ptos.

## OPCIÓN B

1.1.- Se a resposta é aproximada pero non é de todo precisa: 0,5 ptos.

1.2.- Se só se menciona un tipo de contrato: 0,5 ptos.

1.3.- Por cada forma de adquisición: 0,25 ptos.

1.4.- Descrición do principio: 0,5 ptos. Exemplo: 0,25 ptos.

2.1.- Concepto: 0,25 ptos. Por cada tipo mencionado e explicado: 0,5 ptos. (máximo 1,75 ptos). Por cada tipo mencionado e non explicado: 0,25 ptos.

**3.**

3.1. Presentación correcta da expresión que permite aplicar o método do precio medio ponderado: 0,5 ptos. Aplicación correcta do método (0,5 ptos.).

3.2. Este apartado non admite calificacións intermedias, salvo as resultantes de aplicar as correspondentes penalizacións por erros de cálculo.

3.3. Darase por válida a explicación razoable das diferenzas entre os valores obtidos nos apartados anteriores ou o comentario das distintas implicacións que se derivan de aplicar cada un dos métodos.

**4.**

4.1. Polo cálculo correcto da produtividade de cada ano: 0,5 ptos. Se non se especifican unidades nas que se mide a produtividade, penalízase con 0,25 ptos.

4.2. Este apartado non admite calificacións intermedias (só as derivadas de meros erros no cálculo).

4.3. Este apartado non admite calificacións intermedias.

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Reunida a comisión de avaliación da materia Economía da Empresa o día 19 de setembro de 2015 ás 11:00 horas acordou aplicar, ademais dos criterios xerais de avaliación publicados polo grupo de traballo da materia e que aparecen recollidos na correspondente páxina web, os seguintes criterios de corrección específicos:

Nas preguntas curtas (cunha puntuación máxima de 0,75 ptos.), nos casos nos que non se ofrezan definicións exactas e precisas dos conceptos, valoraranse positivamente os exemplos, aclaracións ou explicacións relativas a aqueles.

# Criterios de Avaliación / Corrección

Nas preguntas a desenvolver (cunha puntuación máxima de 2 puntos), ademáis de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva, á utilización axeitada dos conceptos fundamentais e ó plantexamento dun esquema resume da resposta. En todo caso, na valoración da resposta a esta pregunta teranse en conta ás seguintes consideracións: (i) Pódese acadar a máxima cualificación aínda que non se elabore un esquema orientativo, (ii) O desglose das puntuacións parciais terase en conta fundamentalmente para outorgar calificacións intermedias cando a resposta sexa incompleta, (iii) Únicamente se outorgará a máxima cualificación se a resposta é completa en todos aqueles aspectos que se mencionan non enunciado.

No relativo aos casos prácticos, na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico concreto, senón tamén a corrección (coherencia) no plantexamento. Ademáis, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que se está ben plantexado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos incorrectos que se arrastren de apartados anteriores.

No desglose da puntuación máxima que se pode acadar en cada unha das preguntas teranse en conta as consideracións e aplícaranse os criterios específicos que se resumen a continuación:

## OPCIÓN A

1.1.- Se a resposta é aproximada pero non é de todo precisa: 0,25 pts.

1.2.- Pola definición de cuota de mercado: 0,5 pts. Exemplo: 0,25 pts.

1.3.- Se a resposta é aproximada pero non é de todo precisa: 0,5 pts.

1.4.- Pola mención de cada vía de resolución: 0,25 pts.

2.1.- Concepto de entorno xeral: 0,25 pts. Por cada factor mencionado e explicado: 0,25 pts. (máximo 0,75 pts.). Se só se mencionan os factores, pola mención de tres: 0,25 pts. Concepto de entorno específico: 0,25. Por cada tipo mencionado e explicado: 0,25 pts. (máximo 0,75 pts.). Se só se mencionan os factores, pola mención de tres: 0,25 pts.

3.1. Elaboración e clasificación do balance distinguindo Activo Non corrente, Activo Corrente, Pasivo corrente, Pasivo non corrente e Fondos Propios: 0,75 pts. *Cada un dos elementos que se sitúe incorrectamente no activo ou no pasivo penalízase con -0,5 pts. Se se ubica erróneamente no activo (pasivo) corrente ou pasivo (activo) non corrente penalízase con -0,25 pts.* Cálculo do valor do capital social: 0,25 pts.

3.2. Cálculo correcto do fondo de manobra por unha vía: 0,5 pts. Comentario sobre o fondo de manobra: 0,5 pts.

3.3. Cálculo correcto do valor da ratio: 0,5 pts.

4.

4.1. Identificación dos custos fixos: 0,25 pts. Cálculo dos custos variables: 0,75 pts.

4.2. Cálculo dos custos fixos medios: 0,25 pts. Cálculo dos custos variables medios: 0,25 pts. Cálculo dos custos totales medios: 0,25 pts. Representación gráfica: 0,25 pts

4.3. Razonamento coherente cos resultados obtidos: 0,5 pts

# Criterios de Avaliación / Corrección

## OPCIÓN B

- 1.1.- Se a resposta é aproximada pero non é de todo precisa: 0,5 ptos.
  - 1.2.- Por cada tipo mencionado: 0,25 ptos. Exemplos: 0,25 ptos.
  - 1.3.- Pola definición do concepto: 0,5 ptos. Exemplo: 0,25 ptos.
  - 1.4.- Se a resposta é aproximada pero non é de todo precisa: 0,5 ptos.
- 
- 2.1.- Por cada tipo de mercado mencionado e explicado: 0,5 ptos. Por cada tipo mencionado pero non explicado: 0,25 ptos. (máximo 0,75 ptos).
- 
- 3
- 3.1. Cálculo do custo compra: 0,25 ptos. Cálculo do custo de produción: 0,5 ptos. Razoamento: 0,25 ptos.
  - 3.2. Representación gráfica: 0,75 ptos. (Requirese identificar ás funcións, os valores relevantes e as zonas nas que interesa producir e nas que interesa comprar). Por cada un destes aspectos que non se identifique correctamente descontaranse 0,25 ptos.). Explicación da resposta: 0,25 ptos.
  - 3.3. Plantexamento da expresión que permite obter o novo nivel de produción: 0,25 ptos. Resposta correcta á pregunta formulada: 0,25 ptos.
- 
- 4.
- 4.1. Plantexamento da expresión que permite calcular a TIR cos datos do exercicio: 0,5 ptos. cálculo correcto do valor da TIR: 0,5 ptos.
  - 4.2.- Plantexamento correcto da expresión que permite calcular o VAN tendo en conta os datos do exercicio: 0,75 ptos. Cálculo correcto do valor concreto do VAN: 0,25 ptos.
  - 4.3. Razonamento correcto ou coherente cos resultados obtidos: 0,5 ptos.



# Exemplos de resposta / Solucións

## CONVOCATORIA DE XUÑO

### OPCIÓN A

3

3.1.

ACTIVO		PASIVO + PATRIMONIO NETO	
<b>Activo non Corrente</b>	<b>1.500.000</b>	<b>Patrimonio Neto</b>	<b>1.410.000</b>
Inmovilizado material	1.500.000	Reservas	210.000
		Capital Social	1.200.000
		<b>Pasivo non Corrente</b>	<b>425.000</b>
		Débedas a longo prazo	425.000
<b>Activo Corrente</b>	<b>850.000</b>	<b>Pasivo Corrente</b>	<b>515.000</b>
Existencias	400.000	Efectos comerc. a pagar	215.000
Clientes	230.700	Provedores	160.000
Bancos e contas correntes	220.000	Acredores a curto prazo	140.000
<b>Activo total</b>	<b>2.350.000</b>	<b>Pasivo total</b>	<b>2.350.000</b>

3.2.

$$FM = AC - PC = 850.000 - 515.000 = 335.000 \text{ euros}$$

3.3.

$$G = \frac{AT}{PC + PNC} = \frac{2.350.000}{(515.000 + 425.000)} = 2,5$$

É un valor alto que revela unha alta capacidade da empresa para facer fronte á totalidade das obrigas contraídas (situación moi distante da quebra):

4

4.1.

$$TIR: 0 = -840.000 + \frac{400.000}{(1+r)^1} + \frac{492.600}{(1+r)^2}$$

Si  $1+r = x$

$$-840.000 + \frac{400.000}{x} + \frac{492.600}{x^2} = 0 \Rightarrow -840.000x^2 + 400.000x + 492.600 = 0 \Rightarrow x = 1,039 \Rightarrow 1+r = 1,039 \Rightarrow$$

$$r = 0,039 \text{ (3,9\%)}$$

4.2.

$$VAN = -840.000 + \frac{400.000}{(1+0,06)} + \frac{492.600}{(1+0,06)^2} = -840.000 + 377.358 + 438.412 = -34.230\text{€}$$

4.3. O proxecto non é viable: VAN negativo e TIR < tipo de desconto

# Exemplos de resposta / Solucións

## OPCIÓN B

3.1.

PMP

Operación	Entrada			Saída			Existencias		
	Uds.	Prezo	Total	Uds.	Prezo	Total	Uds.	Prezo	Total
Existencias iniciais	500	20	10.000				500	20	10.000
Compra	300	25	7.500				800	100,833	60500
PMP <sub>1</sub>	$PMP_1 = \frac{(500 \cdot 20) + (300 \cdot 25)}{800} = 21,87$								
Venda				200	21,87	4.374	600	21,87	13.122

3.2.

FIFO

Operación	Entrada			Saída			Existencias		
	Uds.	Prezo	Total	Uds.	Prezo	Total	Uds.	Prezo	Total
Existencias iniciais							<b>500</b>	20	10.000
Compra	300	25	7.500				800		17.500
6 abril: Venda				200	20	4.000	<b>600</b>		13.500
	$(300 \cdot 20) + (300 \cdot 25) = 6.000 + 7.500 = 13.500$								

3.3. Coa aplicación do método FIFO obtéñse un maior valor das existencias finais. Isto é debido a que nos movemos nun contexto de subida de prezos e o FIFO reflicte uns valores que se aproximan máis aos prezos do momento nos que se aplica o método, aspecto este que tamén se acabará reflectindo na conta de resultados da empresa.

4

4.1.

$$\text{Produtividade ano 1} = \frac{850.000}{80 \cdot 1920} = 5,53 \text{ Kg/hora traballada}$$

$$\text{Produtividade ano 2} = \frac{910.000}{72 \cdot 1920} = 6,58 \text{ Kg/hora traballada}$$

4.2.

$$\frac{6,58 - 5,53}{5,53} \cdot 100 = 18,98\%$$

4.3.

Exemplos de medidas para mellorar a produtividade: Proporcionarlle aos traballadores mellores ferramentas e maquinaria tecnoloxicamente máis avanzada. Establecer unha parte da retribución dos traballadores en función da produción co cal podería aumentar a motivación dos traballadores.

# Exemplos de resposta / Soluções

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

### OPCIÓN A.

#### 3.1.

ACTIVO				PASIVO + PATRIMONIO NETO		
<b>ACTIVO NON CORRIENTE</b>			<b>92.000</b>	<b>PATRIMONIO NETO</b>		<b>59.000</b>
Inmovilizado material		98.000		Capital	25.000	
Amortización acumulada		-6.000		Reservas	9.000	
				Resultado do exercicio	25.000	
				<b>PASIVO NO CORRIENTE</b>		<b>25.000</b>
				Deudas l/p entidades de crédito	25.000	
<b>ACTIVO CORRIENTE</b>			<b>15.000</b>	<b>PASIVO CORRIENTE</b>		<b>23.000</b>
Existencias		5.000		<b>Proveedores</b>	<b>23.000</b>	
Realizable		9.000				
Cientes	5.000					
Cientes, efectos comerciais a cobrar	4.000					
Caja		1000				
<b>TOTAL ACTIVO</b>			<b>107.000</b>	<b>TOTAL PASIVO</b>		<b>107.000</b>

#### 3.2

$$FM = AC - PC = 15.000 - 23.000 = -8.000 \text{ euros}$$

O fondo de manobra é negativo, porque as débedas a curto prazo son maiores que os activos a curto prazo, o que implica un desequilibrio financeiro xa que a empresa non ten capacidade para atender as débedas a curto prazo.

#### 3.3.

$$AF = \frac{R}{PNC + PC} = \frac{59.000}{25.000 + 23.000} = 1,23$$


#### 4.1

Q	CF	CV	CT
0	120.000	0	120.000
100	120.000	90.000	210.000
200	120.000	130.000	250.000
300	120.000	160.000	280.000
400	120.000	240.000	360.000
500	120.000	360.000	480.000

#### 4.2.

Q	CFme	Cvme	Ctme
0	0	0	0
100	1.200	900	2.100
200	600	650	1.250
300	400	533,33	933,33
400	300	600	900
500	240	720	960

# Exemplos de resposta / Soluciones



**4.3.** A curva de custos fijos medios e decrecente e reflexa que a medida que aumenta a produción diminúen os custos fijos medios. Pola súa parte, os custos medios decrecen inicialmente ata acadar un mínimo e a partir dun determinado nivel de produción empezan a aumentar, voltándose as curvas crecentes.

## OPCIÓN B

3.1.


Custo de compra (CC) =  $145 \cdot 400 = 58.000\text{€}$

Custo de produción (CP) = Custos fijos + Custos variables =  $30.000 + (145 \cdot 150) = 51.750\text{€}$

Dado que para esas unidades  $CP < CC$ , debería fabricar os volantes dos coches.

3.2.

Tal e como se aprecia na gráfica, con 120 coches ao ano é igual o custo de producir os volantes (CP) que o custo de compralos (CC). A partir de dita cantidade o custo de compralos é superior ao custo de producilos.



## Exemplos de resposta / Solucións

3.3.

$$Q_m = \frac{CF}{P - CV} = \frac{30.000}{300 - 150} = 200 \text{ unidades}$$

Aumenta ata 200 unidades o limiar a partir do cal é mellor producir os volantes que comprarlos á empresa auxiliar.

4.1.

$$TIR(A) = -8.000.000 + \frac{4.000.000}{(1+r)} + \frac{5.000.000}{(1+r)^2}$$

Si  $1+r = x$

$$-8.000.000 + \frac{4.000.000}{x} + \frac{5.000.000}{x^2} = 0 \Rightarrow -8x^2 + 4x + 5 = 0 \Rightarrow x = 1,08 \Rightarrow r = 0,08 (8\%)$$

4.2.

$$VAN = -8.000.000 + \frac{4.000.000}{(1+0,12)} + \frac{5.000.000}{(1+0,12)^2} = -442.602,041 \text{ €}$$

4.3. Non é conveniente realizar o proxecto, porque a TIR (8%) é inferior o custo do diñeiro (12%) e o VAN é negativo.